

# **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA: 'ELAS NO OUTONO 2022'**

**Expte. TEDEC: 2022/D001/000010**

## **1. OBXECTO DO CONCURSO:**

*Elas no outono* é un concurso de fotografía organizado pola Concellería de Cultura que ten como obxectivo principal ofrecer outro punto de vista da fotografía sendo as mulleres e a imaxe feminina no outono as principais protagonistas da fotografía.

Con este concurso, o Concello da Baña pretende mostrar a muller nun entorno natural e rural como é o do noso municipio caracterizado pola súa riqueza paisaxística.

## **2. QUEN PODE PARTICIPAR:**

Poderán participar todas as persoas que presenten fotos tomadas dentro dos límites territoriais do concello da Baña.

## **3. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN:**

As persoas que desexen participar no concurso deberán enviar unha soa fotografía ao enderezo electrónico [cultura@concellodabana.gal](mailto:cultura@concellodabana.gal) ata o 3 de novembro de 2022 ás 20.00h.

No asunto do correo deberase especificar: "Concurso de fotografía Elas no outono 2022",

No corpo do correo deberase indicar

- O título da fotografía
- O lugar onde foi tomada a imaxe
- O pseudónimo do autor da foto

Así mesmo, no correo electrónico enviarase os seguintes documentos adxuntos:

1.- Fotografía orixinal e inédita en formato JPG

2.- Un documento cos datos do autor (o nome do documento deberá idéntico ao pseudónimo do participante), que deberá incluír:

- Título da fotografía
- Lugar no que foi tomada a imaxe
- O pseudónimo do autor da foto (estes tres datos son os únicos que deben figurar tamén no corpo do correo)
- Nome e apelidos do autor.
- Data de nacemento
- DNI (se o ten)
- Teléfono e correo electrónico de contacto

3.- En caso de menores de idade deberán remitirse asinada autorización do titor ou representante legal para participar neste concurso

#### 4. SISTEMA DE SELECCIÓN E EXPOSICIÓN

De entre todas as fotografías presentadas, o xurado seleccionará un máximo de doce para formar parte do calendario 2023 do concello da Baña.

As fotografías seleccionadas formarán parte dunha exposición que se inaugurará o 5 de novembro de 2022 na Casa da Cultura da Baña.

De entre as fotos seleccionadas, o xurado poderá elixir unha soa fotografía como gañadora por cada unha das tres categorías do concurso.

#### 5. CRITERIOS DE VALORACIÓN

As imaxes deberán cumprir os seguintes requisitos técnicos:

- As fotografías non deberán ter marcos, bordes, marcas de auga, firmas nin pes de foto.
- O formato das imaxes debe ser JPG.
- As imaxes deberán ter un tamaño de entre 1920 y 6000 píxels no lado maior. Peso máximo do arquivo: 5 MB.

Non se permite a manipulación ni a alteración dixital das fotografías. Só se admitirán axustes que afecten a:

- Conversión da imaxe a branco e negro.
- Correccións globais de ton, equilibrio de branco, contraste, luminosidade, saturación de cor e axuste de sombras e luces.
- Redución selectiva de ruído dixital e gran.
- Limpeza de partículas, así como corrección de distorsións e aberracións ópticas.
- Eliminación de viñeteo.

As fotografías que non cumpran os requisitos técnicos serán eliminadas do concurso

A valoración das imaxes realizarase conforme aos parámetros da seguinte táboa

	Puntuación máx. 5				
Orixinalidade	1	2	3	4	5
Adecuación á temática	1	2	3	4	5
Técnica empregada	1	2	3	4	5
Composición da fotografía	1	2	3	4	5

## **6. TRIBUNAL**

O tribunal estará formado por 3 persoas con formación en fotografía, e do ámbito de cultura e da educación.

Serán funcións do tribunal:

- Seleccionar as fotografías que cumpran os requisitos para participar no concurso.
- Valorar as fotografías segundo os parámetros indicados na cláusula anterior.
- Seleccionar as fotografías que formarán parte do Calendario 2023 do Concello da Baña e, de ser o caso, elixir unha fotografía gañadora para cada categoría.

O xurado poderá declarar desertos o premios gañadores das diferentes categorías.

O veredicto do xurado farase público o 5 de novembro de 2022 na Casa da Cultura, coincidindo coa inauguración da exposición.

O fallo do xurado será inapelable

## **7. PREMIOS**

Estableceranse 3 categorías:

Categoría 1: 6 a 11 anos

Categoría 2: 12 a 18 anos

Categoría 3: persoas adultas

A persoa gañadora de cada categoría recibirá un lote de libros acorde ca súa idade, e a súa fotografía formará parte do calendario e/ou da revista informativa municipal do Concello da Baña.

## **8. DEREITOS E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES E DO CONCELLO**

Cada participante garantirá a veracidade da autoría da obra presentada.

As fotografías seleccionadas para o calendario quedarán en poder do Concello da Baña, e poderán ser reproducidas, difundidas en diferentes medios e canles ou expostas no tempo e no modo que se consideren oportuno. O resto das imaxes serán destruídas polo Concello da Baña.

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases.

## 9. CLÁUSULAS DE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do Tratamento	CONCELLO DA BAÑA NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal
Finalidad del tratamiento	Xestión das actividades culturais organizadas ou promocionadas polo CONCELLO DA BAÑA.
Legitimación	Artículo 6.1.c) RGPD o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local. Artigo 6.1.e) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ó responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPDP: consentimento das persoas afectadas.
Categoría de interesados	Personas i entidades participantes nas actividades culturais organizadas ou promovidas polo CONCELLO DA BAÑA.
Categoría de datos	-Datos identificativos: Nome e apellidos, NIF, Dirección postal, Teléfono, Imaxe, Correo electrónico, Sinatura. Número de conta
Destinatarios	Outras Administracións Públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen da xestión de actividades culturais e que terán a consideración de encargado de tratamento.
Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
Prazos de conservación	Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquer caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fines de arquivo de interese público, fines de investigación científica e histórica ou fines estadísticos.
Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica (ENS).

## 10. RÉXIME DE RECURSOS

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa poderá interpoñerse alternativamente RECURSO DE REPOSICIÓN potestativo ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de

conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que o interesado poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O concello resérvase o dereito de modificar as bases se fose preciso.